

A ESCOLA DA VIDA

## Programas de autoaxuda televisivos

05.12.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

En España estanse introducindo uns formatos de programas televisivos que poderíamos chamar de autoaxuda, polos que se tratan de achegar solucións coas que evitar ou corrixir algúns erros da vida cotiá. Estes programas están, maiormente, referidos ao ámbito educativo familiar, acometendo temas como a disciplina dos fillos, xa sexa cando son nenos (*Supernanny*) ou adolescentes (*Hermano mayor* ou *SOS Adolescentes*), ou sobre a súa crianza (*Madres adolescentes*).

Como pedagogo, parécenme unha arma de dobre fío, porque poden estar creando a sensación de que coas catro receitas que ofrecen, os pais quedan armados para resolver todos os seus problemas, cando a verdade é que cada un somos diferente e cada problema require da súa propia estratexia. O que non percibe o telespectador é que detrás de calquera destes programas hai un equipo de profesionais que estudou cada proposta. De feito, dalgún deles xa me requiriron para que lles suxerise algún pedagogo. Así que ninguén se crea que o señor ou a señora que aparece na súa pantalla é unha fada madiña con capacidade innata para solucionar calquera problema nun abrir e pechar de ollos.

O que xa non é aceptable nin televisiva nin pedagoxicamente é que, parapetándose nas propostas destes programas, algunhas televisións fagan outra cousa, como é o caso de *Curso del 63*, onde a alumnos de hoxe din ensinalles baixo o prisma da educación dos seus pais ou avós. Estes pseudoprogramas educativos son transmitidos desde a perspectiva dun *reality show*, o que introduce os seus protagonistas en dinámicas totalmente impropias e inoportunas, non só durante a súa emisión senón tamén para cando xa se encontran fóra do espazo televisivo, pois convértenos en protagonistas mediáticos que van aparecer en revistas ou en programas de medio pelo nos que se despreza tanto o estadio de formación en que se achan como a súa imaxe persoal e social. As autoridades competentes deberían estar xa tomando cartas neste asunto. Non poden, unha vez máis, pechar os ollos e facer que fórmulas televisivas, máis ou menos axeitadas, se degraden polo mero feito de que un pequeno grupo de persoas sen escrúpulos as utilicen para o seu propio lucro.